

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO
DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO

Á Sra. Paula María Uría Traba
Departamento Territorial de Pontevedra
Avenida M^a Victoria Moreno, 43-4^o andar
36071 Pontevedra

ASUNTO: Alegacións á solicitude de autorización administrativa previa e autorización administrativa de construción, e o estudo de impacto ambiental da liña de alta tensión LAT 132 kV SE PE As Penizas-SEC Paraño, situada nos concellos de Forcarei e Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) e Beariz (Ourense), e promovida por Engie Proyecto As Penizas, S.L. (expediente IN408A 2021/003)

Don/Dona _____, con DNI nº _____,
con domicilio a efectos de notificacións en _____,
concello de _____, provincia de _____.

EXPÓN:

Á vista da Resolución pola que se somete a información pública o estudo de impacto ambiental, a solicitude de autorización administrativa previa e autorización administrativa de construción da liña de alta tensión LAT 132 kV SE PE **As Penizas-SEC Paraño**, promovida por **Engie Proyecto As Penizas, S.L.U.**, publicada no DOG con data 6 de Abril de 2026, por medio do presente escrito realízanse as seguintes **ALEGACIÓNs**:

1. **Impacto na saúde e benestar:** O trazado de **16,87 km** discorre por zonas dos concellos de **Forcarei, Cerdedo-Cotobade e Beariz**, situándose moi perto (300m) ou perto (1km) de núcleos habitados e lugares de traballo, A Mámoa, a Murada, Liñares, Valadelo, O Vieiro, Framil, Coto Aciveiro e Lerce (en Castrelo), os polígonos do Cachafeiro e Vilapouca, Vilar, Ventoxo, Pardesoa, Acivedo, Fontela, O Sixto e a parroquia de San Miguel de Presqueiras en Forcarei, Framil, a Insua, a Mouteira e Vilariño, nas parroquias de Parada e Folgoso, en Cerdedo e As Ventelas e Lebozán, en Beariz. Obvianse os riscos asociados á contaminación electromagnética sen ningún estudo a maiores e feito con rigor no Estudo de Impacto Ambiental (EIA).
2. **Falta de utilidade pública e interese social:** O proxecto responde a un interese mercantil de evacuación enerxética sen incidencia positiva real na biodiversidade local, supoñendo a afección a masas forestais e hábitats naturais e sen licencia social para operar que se evidencia nos polígonos eólicos ligados a esta liña de Alta Tensión xa xudicializados.
3. **Vulneración do dereito á información e participación:** A tramitación debe garantir a participación pública plena conforme ao Convenio de Aarhus. O acceso á información e o propio procedemento administrativo continua sendo opaco e de difícil acceso tanto para particulares como para empresas atendendo á realidade demográfica dos lugares onde pretenden implantarse.
4. **Carencias e falta de avaliación de sinerxías:** O EIA non avalía amplamente os efectos acumulativos da LAT xunto con outras infraestruturas eléctricas da zona, como a **S.E.C. Paraño** ou a futura **L.E. 400 kV de REE** prevista en Beariz.
5. **Afección a recursos hídricos e espazos protexidos:** O trazado realiza numerosos cruzamentos críticos, incluíndo o **Río Lérez**, e varios afluentes: o **río da Freixeira** e o **Río Ventoxo** e diversos regos como o **Regueiro de Barbeitas** ou o **Rego da Pardiña**, poñendo en risco os ecosistemas fluviais e a calidade das augas, das que se abastecen as aldeas próximas.

6. **.Afección a recursos hídricos e espazos protexidos:** O trazado realiza numerosos cruzamentos críticos como o do Río Lérez no tramo incluído na REDE NATURA 2000 Serra do Cando (ES1140014) e corredor ecolóxico que une este espazo coa Rede Natura Serra do Candán (ES1140013)
7. **Impacto paisaxístico e patrimonial:** A instalación de **65 apoios metálicos** supón un impacto severo sobre a paisaxe e o patrimonio inmaterial da comarca de Terra de Montes e o concello de Beariz.
8. **Non se garante** a non afección ós acuíferos e á calidade das masas de auga tanto superficiais como soterradas. Os movementos de terras, perforacións e outras obras necesarias para a instalación da LAT poden afectar gravemente ós acuíferos, mananciais e á rede hidrográfica dándose unha afección ós recursos hídricos. Téñase en conta a Directiva Marco da Auga (DMA).
9. **A instalación desta LAT de 16'87 km. supón un impacto paisaxístico severo nas poboacións da contorna**, na área de especial interese paisaxístico “Serra do Candán e Montes do Testeiro”, e no patrimonio cultural presente na área de afección. A paisaxe supón un elemento cultural e natural de inmenso valor para a sociedade e é un activo económico e social. Ao respecto da protección da paisaxe, téñase en conta o Convenio Europeo da Paisaxe, ratificado por España o 26 de novembro de 2007, o Regulamento da Lei da Paisaxe (Decreto 93/2020) e ás Directrices de Paisaxe (Decreto 238/2020).
10. **O proxecto afecta a unha área de alto valor ecolóxico e sensibilidade ambiental** que suporá unha serie de consecuencias negativas sobre o patrimonio natural e cultural incorrendo nunha incorrecta avaliación dos impactos e vulnerando unha serie de normativas: Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres, con afectacións sobre hábitats de interese comunitario prioritario; Directiva 2009/147/CE de Conservación de aves silvestres e a Lei 5/2019 de Patrimonio Natural de Galicia, incompatibilidade coa fauna local, existencia de especies vulnerables ou en perigo; Plan de Xestión do Lobo (art. 18.5 do D. 297/2008); afeccións moi severas aos corredores biolóxicos do curso do alto-medio Lérez, constituíndo a zona un corredor ecolóxico e unha área territorial de primordial importancia para poboacións de especies de fauna e flora, sen que o EIA faga unha adecuada e exhaustiva avaliación das repercusións, expresamente regulado nos arts. 3.1 e 10 da Directiva 92/43 de Hábitats e art.46 da Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e a Biodiversidade (téñase en conta o razoamento xurídico Oitavo da Sentenza do TSXG sobre o parque eólico Oribio (STSJ GAL 6192/2020); afección severa e prexuízos irreversibles sobre humidaís, brañas e turbeiras, algúns non inventariados pola Xunta de Galicia e obviadas no EIA do proxecto.
11. Clara contradición coa **Estratexia Galega de Infraestrutura Verde e da Conectividade e da Restauración Ecolóxica**, aprobada en 2024, que recoñece ser *un concepto que integra a conectividade dos ecosistemas, a protección e provisión de servizos ecosistémicos e a mitigación e adaptación ao cambio climático, asegurando a provisión sostible destes servizos e incrementando a resiliencia dos ecosistemas.*

SOLICITO: Que se teña por presentado este escrito e se declaren as alegacións en tempo e forma, estimando as mesmas para que se declare a **inviabilidade ambiental** da instalación e se desestime o proxecto da **LAT As Penizas-SEC Paraño (expediente IN408A 2021/003)**

En _____, a _____ de _____ de 2026

Asinado: